

cando a vítima fose menor de idade, desde o día en que esta acadase a maioría de idade. Se a vítima falecer antes da maioría de idade o prazo de prescrición computarase a partir da data do falecemento.»

Artigo cuarto.

Introdúcese no Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, un novo artigo 57 coa seguinte redacción:

«Artigo 57.

Os xuíces e tribunais, nos delitos de homicidio, lesións, aborto, contra a liberdade, torturas e contra a integridade moral, a liberdade sexual, a intimidade, o honor, o patrimonio e a orde socioeconómica, atendendo á gravidade dos feitos e ó perigo que o delincente represente, poderán acordar nas súas sentencias a prohibición de que o reo se aproxime á vítima ou se comunique con ela ou coa súa familia, volva ó lugar en que cometese o delito, ou acuda a aquel en que resida a vítima ou a súa familia, se foren distintos, dentro do período de tempo que o xuíz ou tribunal sinalen, segundo as circunstancias do caso, sen que poida exceder de cinco anos.»

Artigo quinto.

Introdúcese no Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, unha nova alínea 1.^a bis no artigo 83.1 coa seguinte redacción:

«Artigo 83.1.

1.^a bis) Prohibición de se aproximar á vítima ou de se comunicar con ela ou coa súa familia.»

Artigo sexto.

Introdúcese no Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, unha nova alínea g) no artigo 105.1 coa seguinte redacción:

«Artigo 105.1.

g) Prohibición de se aproximar á vítima ou de se comunicar con ela ou coa súa familia.»

Artigo sétimo.

Modifícase a alínea 2 do artigo 617 do Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 617.

2. O que golpear ou maltratar de obra a outro sen lle causar lesión será castigado coa pena de arresto dunha a tres fins de semana ou multa de dez a trinta días.

Cando os ofendidos sexan o cónxuxe ou a persoa a quen se atope ligado de forma estable por análoga relación de afectividade, ou os fillos propios, ou do cónxuxe ou convivente, pupilos, ou ascendentes, sempre que con el convivan, a pena será a de arresto de tres a seis fins de semana ou multa dun a dous meses. Así mesmo, os xuíces ou tribunais poderán acordar nas súas sentencias, por petición da vítima, a prohibición de que o reo se aproxime ó ofendido ou se comunique con el ou coa súa familia, así como a prohibición de que o reo volva ó lugar en que se cometese a falta ou acuda a aquel en que resida a vítima ou a súa familia, se foren distintos, por tempo de tres meses a un ano.»

Disposición derradeira.

1. Modifícase a alínea 2, punto a), do artigo 23 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que terá a seguinte redacción:

«Que o feito sexa punible no lugar de execución, salvo que, en virtude dun tratado internacional ou dun acto normativo dunha organización internacional da que España sexa parte, non resulte necesario o dito requisito.»

2. Modifícase a alínea 4, punto e), do artigo 23 da mencionada Lei orgánica do poder xudicial, que terá a seguinte redacción:

«Os delitos relativos á prostitución e os de corrupción de menores ou incapaces.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 30 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10035 LEI 14/1999, do 4 de maio, de taxas e prezos públicos por servizos prestados polo Consello de Seguridade Nuclear. («BOE» 107, do 5-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante a Lei 15/1980, do 22 de abril, créase o Consello de Seguridade Nuclear como ente de dereito público, independente da Administración central do Estado, con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente dos do Estado, e como único organismo competente en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica.

A principal fonte de financiamento do Consello de Seguridade Nuclear é a recadación que se obtén pola taxa que se cobra como contraprestación dos servizos que presta o organismo no cumprimento das súas funcións de garante da seguridade nuclear e a protección radiolóxica (artigo 9 da Lei 15/1980).

O réxime xurídico da taxa vén fundamentalmente regulado no artigo 10 da Lei 15/1980, precepto que se desenvolve mediante o Real decreto 3229/1982, do 12 de novembro, que pretende derogarse con esta lei, posto que non engade nada á regulación legal.

A experiencia obtida na xestión da taxa fixo, por unha parte, que se decantasen unha serie de problemas de adaptación da norma á realidade, sen prexuízo das puntuais revisións que se viñeron realizando nos tipos e contías aplicables ós diversos feitos impositivos, e que non demostraron adecuación en grao suficiente ás necesidades que viña esixindo a realidade.

A aparición tanto da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, así como a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, fan necesaria a introducción de novos criterios, tanto para a cuantifi-

cación do importe de cada taxa, redimensionándoas de acordo cos custos reais, como en relación coa necesaria modificación da base impositiva da taxa por inspección e control do funcionamento das centrais nucleares.

Así mesmo, a publicación do Regulamento de protección sanitaria contra as radiacións ionizantes introduce unha serie de obrigas para o Consello de Seguridade Nuclear no ámbito da protección radiolóxica, que obriga a establecer os correspondentes novos feitos impositivos.

Por outra parte, o Consello de Seguridade Nuclear veu realizando unha serie de funcións que, en ocasións, non estaban previstas de forma específica na lei de creación do organismo, nin por conseguinte estaban configuradas en forma de feitos impositivos. Por iso, preténdese con esta proposta efectuar un novo catálogo de funcións que describa con maior exactitude a actual tarefa do Consello de Seguridade Nuclear e, ó mesmo tempo, regular tributariamente a prestación de tódolos servizos que se realizan.

En concreto, actualízanse algunhas taxas, amplíase o abano de feitos impositivos existentes para axustarse mellor á realidade, e mellórase a redacción dalgúns supostos de acordo coa experiencia obtida, tendo en todo caso presente os criterios de equivalencia e capacidade económica do suxeito pasivo, establecidos na Lei de taxas e prezos públicos.

Establécese unha pormenorizada descrición, para efectos tributarios, das operacións de desmantelamento para a clausura de instalacións nucleares, a previsión das cales era deficiente na anterior regulación; tense en conta a realización de estudos e informes relacionados coa xestión de residuos radioactivos de alta actividade, en relación coas futuras instalacións de almacenamento definitivo; e incorpóranse, como prezo público, unha serie de servizos que o Consello de Seguridade Nuclear vén realizando por instancia dos particulares, e á prestación dos cales non está obrigado especificamente polo seu estatuto xurídico.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. A presente lei ten por obxecto regular as taxas e prezos públicos por prestación de servizos e realización de actividades do Consello de Seguridade Nuclear.

2. As taxas e prezos públicos esixibles polo Consello de Seguridade Nuclear serán de aplicación en todo o territorio español.

Artigo 2. *Fontes normativas.*

As taxas e prezos públicos por prestación de servizos e realización de actividades do Consello de Seguridade Nuclear rexeranse polo establecido na presente lei e, no seu defecto, pola Lei de taxas e prezos públicos, a Lei xeral tributaria e as demais disposicións complementarias.

Artigo 3. *Suxeitos pasivos.*

1. Serán suxeitos pasivos das taxas as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, titulares das instalacións ou actividades sobre as que se leven a efecto os servizos de inspección ou control descritos no título II desta lei ou que soliciten calquera das autorizacións, permisos, licencias ou exencións previstas no mesmo título.

2. Se é o caso, a regulación específica de cada taxa e prezo público determinará o carácter de suxeitos pasivos doutras persoas ou entidades.

Artigo 4. *Xestión e liquidación da taxa.*

1. Nos supostos de liquidación administrativa das taxas, o Consello de Seguridade Nuclear practicará a liquidación en modelo oficial, se é o caso mediante recibo, e notificarallo ó suxeito pasivo.

O Consello de Seguridade Nuclear poderá requirir dos suxeitos pasivos as informacións e documentación que precise para a práctica das oportunas liquidacións. De non seren atendidos os requirimentos, o suxeito pasivo incorrerá en infracción tributaria simple, conforme os artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria, e o Consello de Seguridade Nuclear procederá á apertura de expediente sancionador, que se tramitará e resolverá de acordo coas normas tributarias en vigor.

2. Nos supostos en que estea establecida a auto-liquidación polo suxeito pasivo, as declaracións-liquidacións presentaranse ante o referido Consello, quen poderá rectificá-las erros de feito, practicando, se é o caso, a liquidación rectificatoria que proceda.

Artigo 5. *Prazos e medios de pagamento das taxas e prezos públicos.*

1. O ingreso das liquidacións efectuadas polo Consello de Seguridade Nuclear deberá realizarse nos prazos sinalados no número dous do artigo 20 do Regulamento xeral de recadación.

2. O ingreso efectuarase directamente na conta restrinxida do Consello de Seguridade Nuclear habilitada para o efecto, a través de calquera das oficinas da entidade bancaria onde estea aberta aquela.

3. Os modelos de ingresos mediante recibo, liquidación e autoliquidación presentaranse na entidade bancaria para seren dilixenciados, reservando o interesado para si un exemplar como carta de pagamento.

Artigo 6. *Inspección das taxas.*

A inspección das taxas encoméndase ós órganos competentes da Administración do Estado.

Artigo 7. *Reclamacións económico-administrativas.*

Contra os actos de xestión das taxas e dos prezos públicos poderase recorrer na vía económico-administrativa e, se é o caso, na contencioso-administrativa.

Artigo 8. *Afectación.*

O rendemento íntegro das taxas e dos prezos públicos quedará afectado, con carácter específico, á cobertura dos gastos producidos pola prestación dos servizos e realización de actividades do Consello de Seguridade Nuclear.

TÍTULO II

Taxas

Artigo 9. *Taxa por estudos, informes e inspeccións para as autorizacións necesarias para a entrada en funcionamento de instalacións nucleares.*

1. Feito impositivo.—Constitúe o feito impositivo desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos estudos, informes ou inspeccións que, de acordo coa normativa vixente, condicionen a concesión

de autorizacións necesarias para a entrada en funcionamento das instalacións nucleares.

2. Base impositiva.—Estará constituída polo importe total e efectivo do investimento que se vai efectuar segundo o orzamento, agás os custos derivados dos xuros financeiros.

3. Adquisición do dereito de percepción.—A taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento de presentar calquera das solicitudes recollidas neste artigo.

4. Tipo impositivo.—As operacións mencionadas no parágrafo anterior quedarán gravadas ó tipo impositivo do 0,20 por 100 da base impositiva.

5. Liquidacións.—As liquidacións serán efectuadas polo suxeito pasivo.

Os solicitantes das autorizacións efectuarán liquidacións provisionais á conta, de acordo coas seguintes porcentaxes da base impositiva:

20 por 100 ó solicita-la autorización previa ou de localización.

40 por 100 ó solicita-la autorización de construción.

40 por 100 ó solicita-la autorización de explotación.

A liquidación definitiva, atendendo ó importe total e efectivo do investimento realizado, será efectuada polo solicitante inmediatamente despois da concesión da autorización de explotación.

No caso de que a autorización solicitada non fose concedida, as liquidacións provisionais adquirirán o carácter de definitivas.

6. Exencións e bonificacións.—Cando se trate de centrais nucleares, se se instalan dúas ou máis unidades no mesmo sitio e cun proxecto idéntico á primeira, para a segunda e restantes a taxa reducirase a un quinto da contía citada no caso da solicitude de autorización previa ou de localización e a un tercio no que corresponde aboar na autorización de construción e na de explotación.

Para outras instalacións nucleares, no caso de ampliacións sucesivas ou modificacións do proxecto orixinal tributarase o 50 por 100 da cota correspondente.

Artigo 10. *Taxa por inspección e control de funcionamento das instalacións nucleares.*

1. Feito impositivo.—Constitúe o feito impositivo desta taxa os servizos de inspección e control que sexa necesario realizar a xuízo do Consello de Seguridade Nuclear para garantir ó máximo a explotación e funcionamento adecuados, así como a seguridade das instalacións nucleares.

O importe desta taxa inclúe os servizos prestados polo Consello de Seguridade Nuclear de avaliación e inspección e control relacionados coas autorizacións de modificación durante a operación das ditas instalacións.

2. Clasificación das instalacións nucleares para os efectos da base impositiva.

A) Centrais nucleares.

A.1 Cota.—En función da potencia autorizada das centrais nucleares e en consideración do agrupamento de tarefas na prestación que supón a existencia de dúas unidades nunha mesma localización, establécense as seguintes cotas:

A.1.1 Centrais nucleares de potencia bruta inferior a 250 megawatts eléctricos: 101.000.000 de pesetas cada ano.

A.1.2 Centrais nucleares de potencia bruta entre 250 e 500 megawatts eléctricos: 250.000.000 de pesetas cada ano.

A.1.3 Centrais nucleares de potencia bruta superior a 500 megawatts eléctricos cun único reactor: 563.000.000 de pesetas cada ano.

A.1.4 Centrais nucleares de potencia bruta superior a 500 megawatts eléctricos con dous ou máis reactores nunha mesma localización: 460.000.000 de pesetas por reactor cada ano.

A.2 Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida mensualmente por doceavas partes e deberá ser autoliquidada polo suxeito pasivo durante o mes seguinte a cada mes vencido.

B) Fábricas de produción ou de tratamento de substancias nucleares.

Esta taxa de inspección e control cubrirá, se é o caso, tanto o funcionamento da instalación, como a propia fabricación ou tratamento das substancias.

B.1 Cota.—Para as fábricas de produción ou tratamento de substancias nucleares fíxase unha cota anual de 150.000 pesetas por tonelada autorizada.

B.2 Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida mensualmente por doceavas partes e deberá ser autoliquidada polo suxeito pasivo durante o mes seguinte a cada mes vencido.

C) Instalacións de almacenamento de residuos radioactivos que non están incluídas na autorización doutra instalación nuclear.

C.1 Cota.—Dependendo da actividade dos residuos almacenados e, en consecuencia, do maior ou menor custo da prestación do servizo de control e seguimento, establécense as seguintes cotas:

Para almacenamentos de residuos de medio ou baixo nivel de actividade, 2.500 pesetas por metro cúbico de capacidade de almacenamento autorizada.

Para almacenamentos de residuos de alta actividade, 25.000 pesetas por cada tonelada de metal pesado do que se autoriza o almacenamento.

C.2 Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida anualmente e liquidarase mensualmente por doceavas partes e deberá ser autoliquidada polo suxeito pasivo durante o mes seguinte a cada mes vencido.

D) Resto de instalacións nucleares.

Entenderanse incluídas nesta alínea aquelas instalacións nucleares que non teñan fins lucrativos e as destinadas á investigación.

D.1 Cota.—Estes servizos quedarán gravados cunha cota anual fixa de 2.000.000 de pesetas.

D.2 Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida o 31 de decembro de cada ano e será autoliquidada polo suxeito pasivo durante o primeiro cuadrimestre seguinte á citada data.

3. No primeiro e último ano das respectivas entrada e fin da vida operativa dunha instalación nuclear, a cota ponderarase de acordo co número de meses transcorridos entre o da data de concesión da autorización de explotación ou de declaración de fin da vida útil, contando esta, e o final do ano.

4. Cando nunha instalación nuclear existan unha ou máis instalacións radioactivas diferenciadas, aplicarase a cada unha delas a taxa correspondente á inspección e control de instalacións radioactivas.

Artigo 11. *Taxa por estudos, informes ou inspeccións necesarias para obter as autorizacións para o desmantelamento das instalacións nucleares.*

1. Feito impositivo.—Constitúe o feito impositivo desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos estudos, informes ou inspeccións esixibles,

para obter as autorizacións necesarias para o desmantelamento das instalacións nucleares.

2. Base impositiva.—A base impositiva estará constituída polo custo total das operacións de desmantelamento para as que se pide autorización, agás os custos derivados dos xuros financeiros.

No caso de que o desmantelamento se efectuase en distintas fases, aprobadas individualmente e separadas no tempo, os estudos, informes e inspeccións realizados para avaliar as actividades que se levarán a cabo en cada fase serán gravados en función do importe do orzamento para estas operacións.

3. Tipo impositivo.—Estes servizos quedarán gravados ó tipo impositivo do 2 por 100 da base impositiva.

4. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—A adquisición do dereito de percepción producirase no momento de presentarse a solicitude de autorización de desmantelamento e será autoliquidada polo suxeito pasivo.

A liquidación definitiva, atendendo ó importe total e efectivo do investimento realizado, será efectuada polo solicitante nos tres meses seguintes á finalización das operacións de desmantelamento autorizadas.

No caso de que a autorización solicitada non fose concedida, as liquidacións provisionais adquirirán o carácter de definitivas.

Cando a taxa resultante sexa superior ós 100.000.000 de pesetas, a súa liquidación poderá fraccionarse en doceavas partes que se liquidarán mensualmente.

Artigo 12. *Taxa por inspección e control do desmantelamento das instalacións nucleares.*

1. Feito impositivo.—Constitúe o feito impositivo desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos servizos de inspección e control que sexan necesarios durante as operacións de desmantelamento das instalacións nucleares.

Para os efectos do cobro da taxa entenderase que a instalación entrou en período de desmantelamento a partir do momento en que o Ministerio de Industria e Enerxía declare o fin da súa vida operativa.

2. Base impositiva e tipo impositivo.—De acordo co maior ou menor custo na prestación dos servizos de inspección, control e seguimento, estes quedarán gravados cunha cota fixa anual calculada de acordo cos criterios seguintes:

a) Mentres exista combustible nuclear fresco ou irradiado na instalación: o 80 por 100 da taxa establecida nesta lei polos servizos de inspección e control de funcionamento.

b) Unha vez retirado o combustible nuclear: o 15 por 100 da taxa establecida nesta lei polos servizos de inspección e control de funcionamento. Esta cota reducirase ó 1,5 por 100 durante os períodos de inactividade que se establezan nas autorizacións, caso de que o desmantelamento se realice en distintas fases.

c) As instalacións nucleares de investigación quedarán gravadas cunha cota fixa anual de 2.000.000 de pesetas.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación. Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida o 31 de decembro e deberá ser autoliquidada polo suxeito pasivo durante o primeiro cuadrimestre seguinte á citada data.

Cando a taxa resultante sexa superior ós 100.000.000 de pesetas, a súa liquidación poderá fraccionarse en doceavas partes que se liquidarán mensualmente.

A taxa do primeiro e último ano será, en cada caso, proporcional ó número de meses nos que o Consello de Seguridade Nuclear prestase os correspondentes servizos.

Artigo 13. *Taxa pola realización de estudos e informes necesarios para o seguimento das actividades relacionadas coa xestión a longo prazo dos residuos radioactivos de alta actividade.*

1. Feito impositivo.—Constitúe o feito impositivo desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos estudos, informes e desenvolvemento de metodoloxías específicas que sexan necesarios para a avaliación dos plans, proxectos, estudos e deseños conceptuais en relación coas actividades desenvolvidas en cumprimento dos plans xerais de residuos radioactivos vixentes en cada momento, tanto no que se refire ó almacenamento transitorio como ó definitivo dos ditos residuos.

2. Base impositiva.—A base impositiva desta taxa será o importe dos investimentos realizados para o desenvolvemento dos respectivos plans e proxectos de almacenamento temporal ou definitivo, polas entidades autorizadas polo Ministerio de Industria e Enerxía para a xestión a longo prazo dos residuos radioactivos de alta actividade.

3. Tipo impositivo.—Estes servizos quedarán gravados co tipo impositivo do 3 por 100 da base impositiva.

4. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida o 31 de decembro de cada ano e deberá ser autoliquidada á conta mensualmente por doceavas partes, polo suxeito pasivo, sobre a base do investimento efectuado o ano precedente.

Durante o primeiro cuadrimestre de cada ano o suxeito pasivo efectuará a liquidación definitiva do ano precedente sobre a base do investimento efectivamente realizado.

Artigo 14. *Taxa polos estudos, informes ou inspeccións necesarios para a concesión de autorizacións de explotación e para o desmantelamento e clausura das minas de uranio.*

1. Feito impositivo.—Constitúe o feito impositivo desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos estudos, informes e inspeccións que condicionan a concesión de autorizacións de explotación e de desmantelamento e clausura das minas de uranio.

2. Cota.—Estes servizos quedarán gravados cunha cota fixa de 1.000.000 de pesetas.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento de presentar calquera das solicitudes recollidas neste artigo e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

Artigo 15. *Taxa por estudos, informes ou inspeccións necesarios para a concesión de autorizacións para o funcionamento das instalacións radioactivas.*

1. Feito impositivo.—Constitúe o feito impositivo desta taxa a realización dos estudos, informes ou inspeccións que condicionen a concesión de autorizacións para o funcionamento das instalacións radioactivas ou a súa modificación.

2. Clasificación das instalacións radioactivas para efectos da base impositiva.

A) Instalacións radioactivas do ciclo do combustible nuclear:

A.1 Base impositiva.—Estará constituída polo importe total e efectivo do investimento que se vai realizar segundo o orzamento agás os custos derivados dos xuros financeiros.

A.2 Tipo impositivo.—Estes servizos quedarán gravados ó tipo impositivo do 1 por 100 da base impositiva.

A.3 Adquisición do dereito de percepción.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento de presentar calquera das solicitudes recollidas neste artigo.

A.4 Liquidacións.—As liquidacións serán efectuadas polo suxeito pasivo. Os solicitantes das autorizacións efectuarán liquidacións provisionais á conta, de acordo coas seguintes porcentaxes da base impositiva:

20 por 100 ó solicita-la autorización previa ou de localización.

40 por 100 ó solicita-la autorización de construción.

40 por 100 ó solicita-la autorización de explotación.

A liquidación definitiva, atendendo ó importe total e efectivo do investimento realizado, será efectuada polo solicitante inmediatamente despois da concesión da autorización de explotación.

No caso de que a autorización solicitada non fose concedida, as liquidacións provisionais adquirirán o carácter de definitivas.

B) Instalacións radioactivas con fins científicos, médicos, agrícolas, comerciais ou industriais.

B.1 Base impositiva.—Estará constituída polo valor total e efectivo da instalación radioactiva ou da súa modificación, considerándose incluídos neste valor todos aqueles compoñentes que pola súa natureza estean afectos ó seu funcionamento.

No caso de transmisións onerosas deberá declararse o valor do alleamento. No caso de transmisións lucrativas ou de arrendamento da instalación o valor que hai que declarar será o de mercado.

B.2 Tipo impositivo.—Estes servicios quedarán gravados ó tipo impositivo que resulte maior entre os dous seguintes:

0 2 por 100 da base impositiva.

Os seguintes valores:

Primeira categoría: 6.000.000 de pesetas.

Segunda categoría: 300.000 pesetas.

Terceira categoría: 200.000 pesetas.

B.3 Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento de presenta-la solicitude, xunto coa cal o suxeito pasivo declarará os valores que constitúen a base impositiva para a súa liquidación polo Consello de Seguridade Nuclear.

3. Exencións e bonificacións.

3.1 No caso de ampliacións sucesivas ou de modificacións do proxecto orixinal tributarase o 50 por 100 da cota correspondente.

3.2 Aquelas modificacións que non alteren o contido do condicionado de seguridade da autorización, senón que se refiran a aspectos meramente formais e que non requiran un novo estudo de seguridade estarán gravadas cunha cota única de 25.000 pesetas, en retribución dos servicios de verificación, que adquirirá o dereito de ser percibida no momento de presenta-la solicitude.

Artigo 16. *Taxa por inspección e control de funcionamento das instalacións radioactivas.*

1. Feito impositivo.—Constitúe o feito impositivo desta taxa os servicios de inspección e control que sexa necesario realizar para garantir ó máximo a explotación e funcionamento adecuados, así como a seguridade das instalacións radioactivas.

Por servicios de inspección e control entenderanse os realizados alternativamente, ben pola visita efectuada á instalación ou ben mediante a realización de actividades de seguimento, análise e avaliación en relación coa documentación presentada polo suxeito pasivo.

2. Clasificación das instalacións radioactivas para os efectos da base impositiva.

A) Instalacións radioactivas do ciclo do combustible nuclear:

A.1 Cota.—Estes servicios quedarán gravados cunha cota de 17.000 pesetas por tonelada de produción autorizada.

A.2 Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida anualmente e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear, mediante recibo, e deberá ser ingresada durante o primeiro cuadrimestre do ano natural seguinte á data de vencemento do prazo.

B) Instalacións radioactivas con fins científicos, médicos, agrícolas, comerciais ou industriais.

B.1 Cota.—Estes servicios quedarán gravados coa cota seguinte:

Primeira categoría: 750.000 pesetas.

Segunda categoría: 300.000 pesetas.

Terceira categoría agás radiodiagnóstico: 200.000 pesetas.

Instalacións de radiodiagnóstico: 35.000 pesetas.

B.2 Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa, agás para as instalacións de radiodiagnóstico, adquirirá o dereito de ser percibida o 31 de decembro de cada ano e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear, que emitirá o correspondente recibo; deberá ser ingresada dentro dos catro primeiros meses do ano natural seguinte á data da adquisición do dereito de percepción.

A taxa polos servicios de inspección e control de instalacións de radiodiagnóstico adquirirá o dereito de ser percibida no momento de iniciarse a correspondente actuación e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear. En ningún caso estas instalacións serán obxecto de máis dunha taxa de inspección e control ó ano cando sexan motivadas por denuncias reiteradas e as actas de inspección resultasen de conformidade en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica.

3. Exencións e bonificacións.—No primeiro ano de funcionamento dunha instalación, cando a explotación comezase con posterioridade ó día 30 de xuño, ese ano aboarase soamente o 50 por 100 da cota.

Artigo 17. *Taxa por estudos, informes ou inspeccións previas á concesión de autorizacións preceptivas de desmantelamento ou clausura de instalacións radioactivas.*

1. Feito impositivo.—Constitúe o feito impositivo desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos estudos, informes ou inspeccións previas á concesión de autorizacións preceptivas para o desmantelamento ou a clausura das instalacións radioactivas.

2. Clasificación das instalacións radioactivas para efectos da base impositiva.

A) Instalacións radioactivas do ciclo do combustible nuclear:

A.1 Cota.—Estes servicios quedarán gravados cunha cota de 8.000 pesetas por tonelada de uranio producida durante toda a súa fase operativa.

A.2 Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida ó presenta-la correspondente solicitude e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

B) Instalacións radioactivas con fins científicos, médicos, agrícolas, comerciais ou industriais.

B.1 Cota.—Estes servicios quedarán gravados coa cota seguinte:

Primeira categoría: 3.000.000 de pesetas.

Segunda categoría: 100.000 pesetas.

Terceira categoría agás radiodiagnóstico: 75.000 pesetas.

Instalacións de radiodiagnóstico: exentas.

B.2 Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Estas taxas adquirirán o dereito de ser percibidas ó presenta-la correspondente solicitude e serán liquidadas polo Consello de Seguridade Nuclear.

Artigo 18. *Taxa por inspección e control do desmantelamento de instalacións radioactivas do ciclo do combustible.*

1. Feito imponible.—Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos servicios de inspección e control que sexa necesario realizar durante as operacións de desmantelamento das instalacións radioactivas do ciclo do combustible e do período de vixilancia radiolóxica posterior a estas operacións.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados cunha cota anual fixa de 10.000.000 de pesetas durante as operacións de desmantelamento.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida o 31 de decembro e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

4. Exencións e bonificacións.—Esta cota reducirase a 2.000.000 de pesetas anuais durante o período de vixilancia radiolóxica.

A taxa do primeiro e último ano será, en cada caso, proporcional ó número de meses nos que o Consello de Seguridade Nuclear prestase os correspondentes servicios.

Artigo 19. *Taxa por probas, estudos, informes e avaliacións que teña que practica-lo Consello para a concesión e renovación de licencias, títulos e acreditacións para o persoal das instalacións nucleares ou radioactivas.*

1. Feito imponible.—Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, das probas, estudos, informes e avaliacións necesarias para a concesión e renovación de licencias, títulos e acreditacións para o persoal das instalacións nucleares ou radioactivas.

2. Cota.—As actividades sinaladas neste punto quedarán gravadas coas cotas fixas seguintes:

Tipo de instalación	Concesión de licencias de supervisor, operador e acreditacións — Pesetas	Renovación de licencias de supervisor e operador — Pesetas	Concesión de diplomas de xefe de servicio de protección radiolóxica — Pesetas
Nucleares	1.000.000	100.000	500.000
Radioactivas de primeira categoría	100.000	50.000	250.000
Radioactivas de segunda e terceira categoría:			
Operadores	25.000	15.000	100.000
Supervisores	35.000	—	—
Acreditacións para operar ou dirixir inst. de radiodiagnóstico	5.000	—	50.000

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento da presentación da solicitude, debendo ser autoliquidada polo suxeito pasivo nese momento, para o cal se solicitará previamente o correspondente modelo ó Consello de Seguridade Nuclear.

Artigo 20. *Taxa por estudos e avaliacións necesarios para a homologación de programas académicos e cursos de formación e perfeccionamento para o persoal das instalacións radioactivas.*

1. Feito imponible.—Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos estudos e avaliacións necesarios para a homologación de programas académicos e cursos de formación e perfeccionamento conducentes á obtención de licencias de operación de instalacións radioactivas ou para a acreditación do persoal das instalacións de radiodiagnóstico ou as súas modificacións.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados cunha cota fixa de 300.000 pesetas. As modificacións dos cursos homologados serán gravados cunha cota fixa de 100.000 pesetas.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—A adquisición do dereito de percepción e ingreso da taxa producirase no momento da presentación da solicitude de homologación ou modificación e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

Artigo 21. *Taxa por inspección e control da impartición dos cursos homologados e das probas de suficiencia neles previstas.*

1. Feito imponible.—Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos servicios de inspección e control que sexa necesario realizar na impartición dos cursos homologados e nas probas de suficiencia neles previstas.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados cunha cota fixa de 75.000 pesetas.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento da presentación, no Consello de Seguridade Nuclear, das actas de exame para a súa validación e será liquidada por este organismo.

Artigo 22. *Taxa por informes, estudos ou inspeccións que condicionen as autorizacións para o transporte de substancias nucleares ou materias radioactivas.*

1. Feito imponible.—Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos informes, estudos ou inspeccións que condicionen as autorizacións para o transporte de substancias nucleares ou materias radioactivas ou a súa modificación ou prórroga.

2. Cota.—Estes informes ou estudos quedarán gravados coa cota fixa de 500.000 pesetas por cada autorización.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—A adquisición do dereito de percepción e ingreso da taxa producirase no momento de solicitá-la autorización de transporte, modificación ou prórroga e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

4. Exencións e bonificacións.—Os informes ou estudos que sexan necesarios para modificar ou prorrogar autorizacións vixentes quedarán gravados co 50 por 100 da cota correspondente.

Artigo 23. *Taxa por inspección e control dos transportes de substancias nucleares ou materias radioactivas.*

1. Feito imponible.—Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos servicios de inspección e control que sexa necesario realizar nos transportes de substancias nucleares ou materias radioactivas.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados por cada actuación coa cota fixa seguinte:

Transportes de combustible nuclear, materiais fisio-nables e residuos procedentes de centrais nucleares: 200.000 pesetas.

Transportes de fontes radioactivas: 75.000 pesetas.

Quedan exentos do pagamento desta taxa os transportes de residuos radioactivos orixinados en instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento de iniciarse a correspondente actuación e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

4. Exencións e bonificacións.—En ningún caso, un mesmo transporte poderá ser obxecto de máis dunha taxa por servicios de inspección e control, sen prexuízo de que poida ser inspeccionado cantas veces sexa necesario por razóns de seguridade.

Artigo 24. *Taxa por estudos, informes ou inspeccións para a concesión de autorizacións de fabricación ou exención de equipos que incorporen fontes radioactivas ou sexan xeradores de radiacións ionizantes e para a aprobación ou validación de vultos destinados ó transporte ou almacenamento de substancias radioactivas.*

1. Feito imponible.—Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos estudos, informes ou inspeccións que legalmente sexan esixibles para a concesión de autorizacións de fabricación ou exención de equipos que incorporen fontes radioactivas ou sexan xeradores de radiacións ionizantes e para a aprobación ou validación de vultos destinados ó transporte ou almacenamento de substancias radioactivas ou a súa modificación ou prórroga.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados cunha cota fixa de 750.000 pesetas para a exención e de 500.000 pesetas para o resto das autorizacións descritas neste artigo.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento da solicitude e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

4. Exencións e bonificacións.—Os informes ou estudos que sexan necesarios para modificar ou prorrogar autorizacións vixentes quedarán gravados co 50 por 100 da cota correspondente.

Artigo 25. *Taxa por estudos, informes ou inspeccións para a concesión de autorizacións de desclasificación de materiais de baixo contido de substancias radioactivas.*

1. Feito imponible.—Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos estudos, informes ou inspeccións, que legalmente sexan esixibles, para a concesión de autorizacións de desclasificación de materiais de baixo contido de substancias radioactivas.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados cunha cota fixa de 25.000 pesetas por metro cúbico do material do que se solicita a desclasificación.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento da solicitude e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

Artigo 26. *Taxa por inspección e control para garanti-la fabricación adecuada dos equipos que incorporen fontes radioactivas ou sexan produtores de radiacións ionizantes ou en relación cos equipos exentos.*

1. Feito imponible.—Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos servicios de inspección e control necesarios para garanti-la fabricación adecuada dos equipos que incorporen fontes radioactivas ou sexan produtores de radiacións ionizantes ou en relación cos equipos exentos.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados cunha cota fixa, por cada actuación, de 75.000 pesetas.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento de efectuarse a correspondente actuación e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

Artigo 27. *Taxa por estudos, informes ou inspeccións para a concesión da autorización das empresas que actúen no ámbito da protección radiolóxica.*

1. Feito imponible.—Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, polo Consello de Seguridade Nuclear, dos estudos, informes ou inspeccións que sexan necesarios para a concesión da autorización das empresas de venda e asistencia técnica dos equipos de radiodiagnóstico e outros equipos destinados a instalacións radioactivas; os servicios ou unidades técnicas de protección radiolóxica; as entidades, institucións ou servicios que efectúan a dosimetría individual; os servicios médicos especializados para a vixilancia médica dos traballadores profesionalmente expostos e os centros de asistencia para a atención médica ós irradiados ou contaminados e as modificacións destas autorizacións.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados coa cota fixa seguinte:

Servicios de protección radiolóxica e unidades técnicas de protección radiolóxica: 300.000 pesetas.

Empresas ou entidades de venda ou asistencia técnica: 200.000 pesetas.

Servicios de dosimetría de persoal ou servicios médicos especializados: 200.000 pesetas.

Centros de asistencia para a atención médica ós irradiados ou contaminados: 200.000 pesetas.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento de solicita-la autorización e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

4. Exencións e bonificacións.—As modificacións das autorizacións para estas entidades gravaranse cunha cota fixa do 50 por 100 da taxa correspondente á primeira autorización.

Artigo 28. Taxa por inspección e control para garanti-lo funcionamento adecuado das empresas que actúen no ámbito da protección radiolóxica.

1. Feito imposable.—Constitúe o feito imposable desta taxa os servicios de inspección e control para garanti-lo funcionamento adecuado das empresas de venda e asistencia técnica dos equipos de radiodiagnóstico e outros equipos destinados a instalacións radioactivas; os servicios ou unidades técnicas de protección radiolóxica; as entidades, institucións ou servicios que efectúan a dosimetría individual; os servicios médicos especializados para a vixilancia médica dos traballadores profesionalmente expostos e os centros de asistencia para a atención médica ós irradiados ou contaminados.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados coas cotas e contías seguintes:

Empresas de venda e asistencia técnica: 150.000 pesetas.

Servicios ou unidades técnicas de protección radiolóxica: 250.000 pesetas.

Entidades, institucións ou servicios que efectúan a dosimetría individual: 250.000 pesetas.

Servicios médicos especializados e centros de asistencia para a atención médica: 150.000 pesetas.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—A taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento de efectuarse a correspondente actuación e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear.

En ningún caso estas instalacións serán obxecto de máis dunha taxa de inspección e control ó ano cando as actas de inspección resultaren de conformidade.

Artigo 29. Taxa por inspección e control para verifica-lo cumprimento das obrigas, en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica, das empresas externas ós titulares das instalacións nucleares ou radioactivas con traballadores profesionalmente expostos.

1. Feito imposable.—Constitúe o feito imposable desta taxa os servicios de inspección e control realizados polo Consello de Seguridade Nuclear con obxecto de verifica-la autenticidade dos datos que figuran no Rexistro de Empresas Externas, así como o grao de cumprimento das obrigas establecidas no real decreto que as regula.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados cunha cota fixa de 35.000 pesetas.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida no momento de se inicia-la correspondente actuación e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear. En ningún caso estas empresas serán obxecto de máis dunha taxa anual, cando as actas de inspección resulten de conformidade en materia de seguridade nuclear ou protección radiolóxica.

Artigo 30. Taxa por inspección, control e elaboración de informes realizados en situacións excepcionais ou de emerxencia que se presenten, fóra do ámbito de instalacións nucleares e radioactivas, como consecuencia de sucesos que poidan afecta-la seguridade nuclear ou a protección radiolóxica.

1. Feito imposable.—Constitúe o feito imposable desta taxa a realización polo Consello de Seguridade Nuclear dos servicios de inspección, control e elaboración de informes en situacións excepcionais ou de emerxencia que se presenten, fóra do ámbito de instalacións nucleares e radioactivas, como consecuencia de sucesos que poidan afecta-la seguridade nuclear ou a protección radiolóxica, en relación con calquera dos seguintes obxectos:

a) Análise da situación de feito producida e proposta de adopción das medidas preventivas e correctoras urxentes que sexan necesarias.

b) Calquera outra actuación técnica e facultativa de vixilancia, dirección, inspección, investigación, estudio, informe, asesoramento, comprobación, recoñecemento ou prospección derivada das ditas situacións excepcionais ou de emerxencia.

2. Cota.—Estes servicios quedarán gravados cunha taxa integrada polo custo real, debidamente acreditado polo organismo, dos recursos propios e alleos precisos para a súa prestación.

Tratándose de recursos propios, incluíranse na cota os custos directos derivados das horas de traballo prestadas por persoal do organismo, incluíndo, así mesmo, os gastos de desprazamento, estadía e manutención, e os custos indirectos que resulten da imputación certificada da porcentaxe dos gastos xerais. Os recursos alleos achegados por terceiros computaranse polo importe total facturado ó Consello de Seguridade Nuclear.

3. Adquisición do dereito de percepción e liquidación.—Esta taxa adquirirá o dereito de ser percibida o 31 de decembro do ano en que se ultimasen, a xuízo do Consello de Seguridade Nuclear, as correspondentes actuacións ou servicios que dan lugar á esixibilidade da taxa, e será liquidada polo Consello de Seguridade Nuclear. No suposto de que estas actuacións ou servicios se estendan a máis dun exercicio orzamentario, o Consello de Seguridade Nuclear realizará o 31 de decembro de cada ano liquidacións provisionais cautelares á conta da definitiva polos custos devengados ata esta data.

4. Suxeito pasivo.—Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións, industrias, empresas ou actividades onde teña lugar o suceso que motive a prestación de servicios polo Consello de Seguridade Nuclear.

TÍTULO III

Prezos públicos

Artigo 31. Prezos públicos pola realización de informes, probas ou estudos por instancia de parte.

1. Obxecto.

a) Constitúe o obxecto do prezo a realización polo Consello de Seguridade Nuclear, por instancia de parte, de informes, probas ou estudos sobre novos deseños, metodoloxías, modelos de simulación ou protocolos de verificación relacionados coa seguridade nuclear ou protección radiolóxica, así como para a súa renovación ou modificación.

b) A realización polo Consello de Seguridade Nuclear, por instancia de entidades públicas ou organizacións representativas de intereses xerais, de infor-

mes, probas ou estudos relativos á protección radiolóxica do público e do ambiente.

As actividades citadas nas alíneas a) e b) precedentes gravaranse cun prezo público cando non formen parte dun dos procedementos administrativos sometidos a taxa en virtude da presente lei.

2. **Importe.**—A contía do prezo será fixada en cada caso directamente polo Consello de Seguridade Nuclear, e corresponderase co custo dos recursos, propios ou alleos, necesarios para a prestación do servizo.

O prezo resultante será debidamente detallado e comunicado ó solicitante, quen, no prazo de dous meses, poderá ratificala súa solicitude mediante a aceptación do prezo fixado; o seu pagamento será esixible a partir dese momento.

Cando no proceso de avaliación se detecten variacións que afecten o prezo público aceptado poranse en coñecemento do solicitante, quen poderá, no prazo dun mes, aceptar ou rexeita-la variación.

No caso de que o interesado aceptase a variación, o Consello de Seguridade Nuclear liquidará o importe da variación que corresponda.

Se o solicitante non aceptase a modificación do prezo público, o Consello de Seguridade Nuclear, logo de xustificación do custo dos recursos utilizados ata esa data, efectuará a liquidación definitiva.

Disposición adicional primeira.

Queda modificado o artigo 2 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, que queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 2.

As funcións do Consello de Seguridade Nuclear serán as seguintes:

a) Propor ó Goberno as regulamentacións necesarias en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica, así como as revisións que considere convenientes. Dentro desta regulamentación estableceranse os criterios obxectivos para a selección de localizacións das instalacións nucleares e das radioactivas de primeira categoría, logo do informe das comunidades autónomas, na forma e prazo que regulamentariamente se determinen.

Así mesmo, poderá elaborar e aproba-las instrucións, circulares e guías de carácter técnico relativas ás instalacións nucleares e radioactivas e ás actividades relacionadas coa seguridade nuclear e a protección radiolóxica.

b) Emitir informes ó Ministerio de Industria e Enerxía, previos ás resolucións que este adopte en materia de concesión de autorizacións para as instalacións nucleares e radioactivas, os transportes de substancias nucleares ou de materiais radioactivos, a fabricación e homologación de equipos que incorporen fontes radioactivas ou sexan xeradores de radiacións ionizantes, a explotación, restauración ou cerramento das minas de uranio, e, en xeral, de tódalas actividades relacionadas coa manipulación, procesado, almacenamento e transporte de substancias nucleares e radioactivas.

Emitir informes previos ás resolucións do Ministerio de Industria e Enerxía en relación coa autorización de empresas de venda e asistencia técnica dos equipos e instalacións de raios X para diagnóstico médico e doutros equipos destinados a instalacións radioactivas e levar a cabo a súa inspección e control.

Emitir informes previos ás resolucións que en casos e circunstancias excepcionais dicte o Minis-

terio de Industria e Enerxía, por iniciativa propia ou por instancia do Consello de Seguridade Nuclear, en relación coa retirada e xestión segura de materiais radioactivos.

Estes informes serán preceptivos en todo caso e ademais vinculantes cando teñan carácter negativo ou denegatorio dunha concesión e, así mesmo, en canto ás condicións que establezan no caso de seren positivos.

Os procedementos nos que se deban emitir os informes ós que se refire esta alínea poderán ser suspendidos polo órgano competente para a súa resolución, excepcionalmente, con carácter indefinido ata a súa emisión ou durante o período de tempo que se considere adecuado para que estes sexan emitidos, xustificando motivadamente a suspensión.

c) Realizar toda clase de inspeccións nas instalacións nucleares ou radioactivas durante as distintas fases de proxecto, construción e posta en marcha, nos transportes, fabricación e homologación de equipos que incorporen fontes radioactivas ou sexan xeradores de radiacións ionizantes, e a aprobación ou validación de vultos destinados ó transporte de substancias radioactivas con obxecto de garanti-lo cumprimento da lexislación vixente e dos condicionamentos impostos nas correspondentes autorizacións, con facultade para a paralización das obras ou actividades en caso de aparición de anomalías que afecten a seguridade e ata tanto estas sexan corrixidas, podendo propo-la anulación da autorización se as anomalías non fosen susceptibles de seren corrixidas.

d) Levar a cabo a inspección e control das instalacións nucleares e radioactivas durante o seu funcionamento, e ata a súa clausura, co obxecto de asegura-lo cumprimento de tódalas normas e condicionamentos establecidos, tanto de tipo xeral como os particulares establecidos para a instalación, co fin de que o funcionamento destas instalacións non supoña riscos indebidos, nin para as persoas nin para o ambiente.

O Consello de Seguridade Nuclear ten autoridade para suspende-lo funcionamento das instalacións ou das actividades que se realicen, por razóns de seguridade.

e) Propo-la apertura dos expedientes sancionadores que considere pertinentes no ámbito das súas competencias, de acordo coa lexislación vixente.

Así mesmo, o Consello de Seguridade Nuclear, iniciado un procedemento sancionador en materia de seguridade nuclear ou protección radiolóxica emitirá, con carácter preceptivo, informe no prazo de dous meses, para a adecuada cualificación dos feitos obxecto de procedemento. Este informe emitirase cando esta iniciación o fose por instancia doutro organismo, ou no suposto de que téndose incoado como consecuencia de petición razoada do propio Consello de Seguridade Nuclear, consten neste procedemento outros datos ademais dos comunicados polo dito ente.

f) Colaborar coas autoridades competentes na elaboración dos criterios ós que se deben axustar os plans de emerxencia exterior e protección física das instalacións nucleares e radioactivas e dos transportes, e unha vez redactados os plans participar na súa aprobación.

Coordinar, para tódolos aspectos relacionados coa seguridade nuclear e a protección radiolóxica, as medidas de apoio e resposta ás situacións de emerxencia, integrando e coordinando os diversos organismos e empresas públicas ou privadas dos que sexa necesario o concurso para o cumprimento das funcións atribuídas a este organismo.

Así mesmo, realizar calquera outra actividade en materia de emerxencias que lle sexan asignadas na regulamentación aplicable.

g) Controla-las medidas de protección radiolóxica dos traballadores profesionalmente expostos, do público e do ambiente. Vixiar e controla-las doses de radiación recibidas polo persoal de operación e as descargas de materiais radioactivos ó exterior das instalacións nucleares e radioactivas e a súa incidencia, particular ou acumulativa, nas zonas de influencia destas instalacións.

Avalia-lo impacto radiolóxico ambiental das instalacións nucleares e radioactivas e das actividades que impliquen o uso de radiacións ionizantes, de acordo co establecido na lexislación aplicable.

Controlar e vixia-la calidade radiolóxica do ambiente de todo o territorio nacional, en cumprimento das obrigas internacionais do Estado español na materia, e sen prexuízo da competencia que as distintas administracións públicas teñan atribuídas.

De igual modo, colaborar coas autoridades competentes en materia de vixilancia radiolóxica ambiental fóra das zonas de influencia das instalacións nucleares ou radioactivas.

h) Conceder e, se é o caso, revoga-las autorizacións correspondentes ás entidades ou empresas que presten servicios no ámbito da protección radiolóxica, así como efectua-la inspección e control, en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica, das citadas entidades, empresas, servicios e centros autorizados.

Colaborar coas autoridades competentes en relación coa vixilancia sanitaria dos traballadores profesionalmente expostos e na atención médica de persoas potencialmente afectadas polas radiacións ionizantes.

Crear e mante-lo Rexistro de Empresas Externas ós titulares das instalacións nucleares ou radioactivas con traballadores clasificados como profesionalmente expostos e efectua-lo control ou as inspeccións que coide necesarios sobre estas empresas.

De igual modo poderá, por solicitude de parte, emitir declaracións de apreciación favorable sobre novos deseños, metodoloxías, modelos de simulación ou protocolos de verificación relacionados coa seguridade nuclear e a protección radiolóxica.

i) Informa-lo Ministerio de Industria e Enerxía en relación coas concentracións ou niveis de actividade, para a súa consideración como residuos radioactivos, daqueles materiais que conteñan ou incorporen substancias radioactivas e para as que non estea previsto ningún uso.

j) Conceder e renovar, mediante a realización das probas que o propio Consello estableza, as licencias de operador e supervisor para instalacións nucleares ou radioactivas, os diplomas de xefe de servizo de protección radiolóxica, e as acreditacións para dirixir ou opera-las instalacións de raios X con fins de diagnóstico médico.

Así mesmo, homologar programas e cursos de formación e perfeccionamento específicos en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica que capaciten para dirixi-lo funcionamento ou opera-las instalacións radioactivas e os equipos das instalacións de raios X con fins de diagnóstico médico, e os que capaciten para exercer-las funcións de xefe de servizo de protección radiolóxica.

k) Realiza-los estudos, avaliacións e inspeccións dos plans, programas e proxectos necesarios para tódalas fases da xestión dos residuos radioactivos.

l) Asesorar, cando sexa requirido para iso, os tribunais e os órganos das administracións públicas

en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica.

ll) Manter relacións oficiais con organismos similares estranxeiros e participar en organismos internacionais con competencia en temas de seguridade nuclear ou protección radiolóxica.

Así mesmo, poderá colaborar con organismos ou organizacións internacionais en programas de asistencia en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica, participando na súa execución ben directamente ou ben a través da contratación para este fin, de terceiras persoas ou entidades, sempre de conformidade coas condicións determinadas por estas organizacións.

m) Informa-la opinión pública sobre materias da súa competencia, coa extensión e periodicidade que o Consello determine, sen prexuízo da publicidade das súas actuacións administrativas nos termos legalmente establecidos.

n) Coñecer do Goberno e asesoralo respecto dos compromisos con outros países ou organismos internacionais en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica, os cales serán tidos en conta no exercicio das funcións que son conferidas ó Consello por esta lei.

ñ) Establecer e efectua-lo seguimento de plans de investigación en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica.

o) Recoller información precisa e asesorar, se é o caso, respecto das afeccións que puideran orixinarse nas persoas por radiacións ionizantes derivadas do funcionamento de instalacións nucleares ou radioactivas.

p) Inspeccionar, avaliar, controlar, informar e proporlle á autoridade competente a adopción de cantas medidas de prevención e corrección sexan precisas ante situacións excepcionais ou de emerxencia que se presenten e que poidan afecta-la seguridade nuclear e a protección radiolóxica, cando teñan a súa orixe en instalacións, equipos, empresas ou actividades non suxeitas ó réxime de autorizacións da lexislación nuclear.

q) Calquera outra que, no ámbito da seguridade nuclear e a protección radiolóxica, lle sexa legalmente atribuída.»

Disposición adicional segunda.

A xestión dos residuos radioactivos xerados nos supostos excepcionais previstos no artigo 2 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, pola entidade autorizada para iso, poderá ser efectuada con cargo ós rendementos financeiros integrados no fondo a que se refire a disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, cando o custo desta xestión non poida repercutirse de conformidade coa normativa vixente e así o determine o Ministerio de Industria e Enerxía.

Disposición adicional terceira.

Engádese un último parágrafo ó artigo 7.1 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, nos seguintes termos:

«Cando o cesamento do presidente e dos conselleiros teña lugar por finaliza-lo período para o que foron designados, estes continuarán no exercicio das súas funcións ata que tomen posesión os que teñan que os suceder.»

Disposición adicional cuarta.

Modifícase o artigo 11 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, que queda redactado nos termos seguintes:

«O Consello de Seguridade Nuclear elevará, anualmente, ó Congreso dos Deputados e ó Senado, un informe sobre o desenvolvemento das súas actividades.»

Disposición adicional quinta.

Modifícase o artigo 94.2 da Lei 25/1964, do 29 de abril, reguladora da enerxía nuclear, segundo redacción dada pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, engadindo un segundo parágrafo redactado nos termos seguintes:

«Non obstante, cando as circunstancias do caso así ou aconsellen e sempre que non se deriven danos e perdas directos ás persoas ou ó ambiente, o Consello de Seguridade Nuclear poderá apercibi-lo titular da actividade e propo-las medidas correctoras que correspondan. En caso de que este requirimento non fose atendido, o Consello de Seguridade Nuclear poderá impor multas coercitivas por un importe que non superará o 20 por 100 da multa fixada para a infracción correspondente e propor, se é o caso, a iniciación do expediente sancionador. En todo caso, destas actuacións daráselle conta ó órgano competente para incoar los expedientes sancionadores.»

Disposición adicional sexta.

Modifícase a tarifa 1.^a da alínea 4 do artigo 11 da Lei 17/1975, do 2 de maio, sobre creación do organismo autónomo Rexistro da Propiedade Industrial engadindo os epígrafes 1.7, 1.8 e 1.9 do seguinte teor:

«Tarifa 1.^a

1.7 Rexistro dunha marca, nome comercial ou rótulo de establecemento: 17.325 pesetas.

1.8 Renovación dunha marca, nome comercial ou rótulo de establecemento: 25.890 pesetas.

1.9 Demoras: por demoras nos pagamentos das taxas de rexistro ou das taxas de renovación, as recargas serán do 25 por 100, dentro dos tres primeiros meses, e do 50 por 100, dentro dos tres seguintes, ata o máximo de seis meses de demora.»

Disposición adicional sétima.

Introdúcense as modificacións seguintes na Lei 32/1988, do 10 de novembro, de marcas:

1. O artigo 6 queda suprimido.
2. A alínea 6 do artigo 7 queda redactada como segue:

«6. A renovación publicarase no "Boletín Oficial da Propiedade Industrial". Se a renovación non fose acordada reembolsarase, por petición do interesado, o 75 por 100 da taxa de renovación paga.»

3. A letra b) da alínea 1 do artigo 16 queda redactada como segue:

«b) Facultativamente, ou cando, tratándose dunha marca tridimensional, se considere que a reprodución da marca non amosa suficientemente os seus detalles, unha descrición por duplicado desta.»

4. As alíneas 2 e 4 do artigo 29 quedan redactadas como segue:

«2. Concedido o rexistro da marca expedirase o título, logo do pagamento da taxa de rexistro no prazo dun mes, contado a partir da publicación do anuncio de concesión no "Boletín Oficial da Propiedade Industrial".»

«4. A eficacia da concesión quedará condicionada ó pagamento da taxa anteriormente mencionada.»

5. A alínea 1 do artigo 44 queda redactada como segue:

«1. A inscrición da cesión ou licencia deberá solicitarse mediante instancia acompañada, se a cesión resulta dun contrato, dalgún dos documentos acreditativos previstos na letra b) do artigo 11 do Tratado sobre o dereito de marcas do 27 de outubro de 1994. Se a cesión se produce por imperativo da lei, por resolución administrativa ou por decisión xudicial, deberá achegarse á instancia testemuño emanado da autoridade pública que emita o documento, ou copia do documento que probe a cesión, autenticada ou lexitimada por notario ou por outra autoridade pública competente. Da mesma maneira se solicitará a inscrición de embargos e demais medidas xudiciais.»

6. A alínea 2 do artigo 51 queda suprimida.

Disposición adicional oitava. *Taxa por utilización de espazos en museos e outras institucións culturais do Ministerio de Educación e Cultura.*

Engádesse á Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións de carácter público, o seguinte artigo:

«Artigo 55 bis. *Xestión, recadación e afectación.*

1. A xestión e recadación da taxa corresponderá a cada unha das direccións xerais ou organismos autónomos de quen dependa a institución cultural.

2. O importe da recadación desta taxa no que afecta os organismos autónomos do Ministerio de Educación e Cultura, formará parte do orzamento de ingresos do correspondente organismo xestor.»

Disposición transitoria primeira.

Adquirirán carácter de definitivas as liquidacións das instalacións nucleares ás que, á entrada en vigor desta lei, non lles fose practicada a liquidación definitiva polos servizos de estudos, informes e inspeccións para as autorizacións para a entrada en funcionamento.

Disposición transitoria segunda.

As marcas, nomes comerciais e rótulos de establecemento, se a súa concesión foi publicada ou a súa renovación foi solicitada con posterioridade á entrada en vigor da presente lei, quedarán suxeitos ó pagamento da taxa de rexistro ou renovación, respectivamente. Ata a primeira renovación que se produza, trala entrada en vigor desta lei, as marcas, nomes comerciais e rótulos de establecemento xa concedidos estarán suxeitos ó pagamento dos quinquenios correspondentes baixo sanción de caducidade segundo o texto legal vixente no momento da súa concesión ou da súa última renovación.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido na presente lei e, en concreto, o artigo 10 da Lei 15/1980, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, e o Real decreto 3229/1982, do 12 de novembro, polo que se regula a taxa de servizos prestados polo Consello de Seguridade Nuclear.

Disposición derradeira única.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias.

Por tanto,

Mando a tódolos españoles, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10036 LEI 15/1999, do 4 de maio, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 7.673.674.489 pesetas, para compensa-lo déficit da «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima», correspondente ó exercicio de 1996, pola explotación dos servizos de comunicacións marítimas de interese nacional. («BOE» 107, do 5-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 1876/1978, do 8 de xullo, polo que se establece o réxime de prestacións dos servizos de comunicacións marítimas de interese nacional, autorizou o daquela Ministerio de Transportes e Comunicacións a subscribir coa «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima» o contrato polo que se teñen que rexe-lon mencionados servizos e aprobou as bases ás que ten que se axusta-lo devandito contrato, que se formalizou en escritura pública o 4 de setembro de 1978.

A cláusula vixésimo quinta do contrato regulador establece que o equilibrio económico-financeiro dos servizos se obterá a través das achegas do Estado, fixadas na denominada «Conta do Estado».

A «Conta do Estado» correspondente ó exercicio de 1996, presentada pola compañía, unha vez corrixida de conformidade cos axustes realizados pola Intervención Xeral da Administración do Estado, presenta un saldo a favor da «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima» de 7.673.674.489 pesetas.

O crédito extraordinario está destinado a financia-lo déficit da «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima» do exercicio 1996, con obxecto de conseguilo equilibrio económico-financeiro dos servizos de comunicacións marítimas de interese nacional prestados pola compañía, en virtude do establecido no contrato regulador dos citados servizos, subscrito o 4 de setembro de 1978, e tramítase de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario por importe de 7.673.674.489 pesetas á Sección 17 «Ministerio de Fomento», Servicio 32 «Dirección Xeral da Mariña Mercante», programa 514D «Subvencións e apoio ó transporte marítimo», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 44 «A empresas públicas e outros entes públicos», concepto 440 «Á “Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima” para compensa-lo déficit pola explotación dos servizos de comunicacións marítimas de interese nacional, durante o exercicio 1996».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10037 LEI 16/1999, do 4 de maio, de creación do Colexio de Xeógrafos. («BOE» 107, do 5-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tólos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento científico da xeografía na segunda metade deste século, debido á ampliación dos seus coñecementos, axudado pola evolución das técnicas, comportou unha demanda profesional, por parte da sociedade, descoñecida ata hai relativamente pouco tempo.

A sociedade española viviu tamén este cambio e non é allea a esta evolución, sendo moi elevado o número de profesionais da xeografía que se encontran en posesión da titulación académica que os habilita para o seu exercicio. Como consecuencia diso actualmente 26 universidades españolas imparten a licenciatura de Xeografía, creada desde hai algúns anos diferenciada da de Filosofía e Letras, cunha oferta de 2.000 prazas anuais, feito que permite prever unha promoción de 1.000 profesionais potenciais anuais, o último destino dos cales os sitúa nos campos da información territorial (cartográfica ou alfanumérica), do ensino, da investigación, da ordenación do territorio, do ambiente, da avaliación dos procesos socioterritoriais, etc., con especialidades, á luz dos plans de estudio, moi variadas e caracterizadas, xeralmente, pola súa natureza interdisciplina-